REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 08.11.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 OUT. 2018
Núm. 12079

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

1.1 32298 (10/POC-006184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pierres López, María Luisa
Sobre os datos referidos ás parcelas vendidas no polígono industrial de Castiñeiras, situado no concello de Bueu, as condicións exixidas para a execución das obras de construción das naves e os mecanismos da Administración autonómica para o control posterior dos adquirentes

1.2 35258 (10/POC-005567)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.3 38347 (10/POC-006040)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo para usar os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande como almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de desenvolver mecanismos de protección dese cargadoiro como elemento do patrimonio histórico industrial e o impacto dese proxecto para os habitantes da zona e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo, así como o estudo da posibilidade de trasladar ese almacén a algún espazo de uso industrial da área urbana de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 OUT. 2018
Núm. 12079

1.4 38358 (10/POC-006042)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a función dos indicadores de execución do punto 7.5 da liña estratéxica 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, referido á garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no Camiño, as razóns do Goberno galego para non ter información ao respecto e o prazo previsto para ese fin, así como as actuacións concretas levadas a cabo para o seu cumprimento e os resultados dese plan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.5 38580 (10/POC-006059)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación laboral das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos, así como as medidas que vai adoptar para mellorala
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.6 38667 (10/POC-006065)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a confirmación ou o rexeitamento pola Xunta de Galicia das afirmacións reflectidas no informe oficial remitido pola compañía Atalaya Mining á Bolsa de Londres referidas ao apoio polo Goberno galego do seu proxecto mineiro nos concellos de Touro e do Pino

1.7 38729 (10/POC-006078)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao impulso da política de consolidación, promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia como imaxe única do sector artesanal galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

1.8 38814 (10/POC-006094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da asunción das contías precisas para o cumprimento das sentenzas

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
31 OUT. 2018
Núm. 12079

xudiciais relativas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, o estado dos recursos legais presentados pola Xunta de Galicia e da negociación política co Goberno central ao respecto, así como as actuacións que vai levar a cabo diante da vulneración das competencias galegas en materia de tributación e as súas intencións en relación coa modificación da súa política fiscal no que atinxe á produción de enerxía

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 31/10/2018 14:08:48

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 08.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 32298(10/POC-006184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pierres López, María Luisa

Sobre os datos referidos ás parcelas vendidas no polígono industrial de Castiñeiras, situado no concello de Bueu, as condicións exixidas para a execución das obras de construción das naves e os mecanismos da Administración autonómica para o control posterior dos adquirentes

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 12:55
Nº Rexistro: 32298
Data envio: 12/06/2018 12:55:09.658

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación o polígono industrial de Castiñeiras (Bueu), o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o número e identificación das parcelas vendidas?
2. Cales son as datas de venda de cada unha das parcelas?
3. Cales son as condicións para a execución da construción das naves?
4. Cales son os mecanismos de control posterior dos adquirentes por parte da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
María Luisa Pierres López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/06/2018 12:54:24

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 12:54:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 35258(10/POC-005567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de refugallos nucleares preto da costa galega, as garantías que ten da inexistencia de riscos para a saúde humana, o medio mariño e o tráfico marítimo, así como os informes solicitados respecto disto ao Goberno central e a organismos europeos nos últimos cinco anos

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envio: 29/08/2018 11:21:50.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

O Parlamento Galego aprobou no ano 2006, impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado. Porén, durante os anos de goberno Feijóo non ten estado na axenda do goberno do Partido Popular apostar por evitar de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións. Máis aínda, a luz dos últimos acontecementos coñecidos, obsérvase unha falta de preocupación polos riscos que o noso país poida estar a padecer derivados da falta de control sobre o transporte e depósito dos residuos nucleares, nomeadamente no tránsito polo noso territorio mariño.

A finais de 2017 cumpríronse os 35 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envio: 29/08/2018 11:21:50.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

noso medio e das nosas persoas. Máis aínda, constátase o mesmo desatendemento por parte do Partido Popular no Estado, quen en 2012 rexeitou unha petición do Bloque Nacionalista Galego no Congreso para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

Recentemente coñecemos como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña. a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

Segundo o Artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galiza correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. Polo tanto, nesta cuestión e diante do desatendemento por parte do Estado central, Galiza debe actuar e exercer o seu poder político para, tanto no ámbito do seu traballo como nas negociacións e colaboracións co goberno central e a Unión Europea, facer valer a necesidade de garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envio: 29/08/2018 11:21:50.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coñece o goberno galego a quen corresponde a vixilancia das verteduras de refugallos nucleares producidas nas proximidades da costa galega?

-Ten coñecemento o goberno galego da situación de falta de vixilancia descrita? Que actuacións levou a cabo para garantir a suficiencia do marco regulador e protector das verteduras de residuos nucleares próximos a Galiza?

-Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen un risco para a saúde das persoas?

-Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

-Ten garantidas a Xunta de Galiza as condicións de seguridade para o tráfico mariño?

-Que informes ten demandado o goberno galego sobre esta cuestión ao goberno central nos últimos 5 anos? E a organismos europeos?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35258
Data envio: 29/08/2018 11:21:50.820

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2018 11:20:53

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2018 11:20:57

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2018 11:21:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2018 11:21:01

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2018 11:21:02

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2018 11:21:03

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 38347(10/POC-006040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo para usar os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande como almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de desenvolver mecanismos de protección dese cargadoiro como elemento do patrimonio histórico industrial e o impacto dese proxecto para os habitantes da zona e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo, así como o estudo da posibilidade de trasladar ese almacén a algún espazo de uso industrial da área urbana de Vigo

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38347
Data envio: 08/10/2018 12:12:24.244

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un ente de carácter público, dependente de Portos do Estado polo tanto do Ministerio de Fomento, que ten entre outras as seguintes competencias: ordenación da zona de servizo do porto e dos usos portuarios; planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto e dos sinais marítimos; fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario; coordinación das operacións das distintas modalidades de transporte no espazo portuario.

A súa área de influencia supera a cidade de Vigo, estendéndose por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela, ocupando tanto terreos do Dominio Público Marítimo Terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas. Ao longo duns 5 quilómetros, e arredor de 20 hectáreas da beiramar do concello de Redondela, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo.

Xa na actualidade varias empresas están radicadas na zona preto do mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000. Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess, ou do "Cargadoiro de Mineral de Rande". Nos últimos anos dende a Presidencia da Autoridade Portuaria tense manifestado interese por rentabilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou "Cargadoiro de Pedra".

A primeira das propostas que o presidente da Autoridade Portuaria lanzou propoñía converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que puidesen quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de desmantelar o propio cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar de Redondela.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38347
Data envio: 08/10/2018 12:12:24.244

Nas últimas semanas o propio presidente da Autoridade Portuaria vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Converteríase este ámbito, de algo máis de 40.000 metros cadrados, nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo transcendeu publicamente, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, da que forman parte Alfonso Rueda, Ignacio López Chaves e Mercedes Rodríguez.

Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no "Cargadoiro de Pedra" de Rande, e mesmo chegar aínda máis a dentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

Calquera das alternativas propostas volve a poñer en grave risco o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000.

Este espazo singular, alberga o escenario da Batalla Naval de Rande, o Museo Meirande, ademais doutros elementos de grande valor como a Illa de San Simón, os restos da fortificación defensiva de Rande, a praia de Cesantes, e numerosas mostras de patrimonio industrial e etnográfico.

Un proxecto destas características vai levar aparellado un elevado investimento tanto na adquisición dos terreos como na execución das obras dos accesos. E vai ter un impacto moi negativo na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana, debido principalmente ao tráfico pesado. En lugar de protexer e potenciar os valores culturais e ambientais da zona, preténdese alterar este espazo da beiramar converténdoo nun almacén de contedores.

Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (Plisan), promovida pola Xunta de Galicia, Zona Franca e Autoridade Portuaria, logo de máis de unha década de retraso, está no proceso de urbanización da primeira fase. Parece lóxico que este "porto seco" actúe como espazo loxístico e acolla proxectos como o que a autoridade portuaria de Vigo pretende situar en Rande.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38347
Data envio: 08/10/2018 12:12:24.244

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia o proxecto presentado pola Autoridade Portuaria de Vigo para utilizar o espazo da Empresa Duchess, e do vello cargadoiro de mineral da empresa Coto Wagner como almacén de contedores vinculados ao tráfico portuario?

2. Considera o Goberno galego que deberían desenvolverse mecanismos axeitados de protección do cargadoiro de mineral da empresa Coto Wagner como elementos de patrimonio histórico industrial?

3. Considera a Xunta de Galicia que os efectos sobre os habitantes da zona que pode producir unha nova base de contenedores e compatible co normal desenvolvemento da vida cotiá e a mobilidade dun núcleo urbano contiguo?

4. Ten estudiado a Xunta de Galicia coa Autoridade Portuaria de Vigo a posibilidade de trasladar esa base de contenedores a algún espazo de utilización industrial da área urbana de Vigo, como por exemplo a Plisan?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Patricia Vilán Lorenzo
José Manuel Pérez Seco
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:10:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2018 12:11:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:11:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 38358(10/POC-006042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a función dos indicadores de execución do punto 7.5 da liña estratéxica 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, referido á garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no Camiño, as razóns do Goberno galego para non ter información ao respecto e o prazo previsto para ese fin, así como as actuacións concretas levadas a cabo para o seu cumprimento e os resultados dese plan

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 13:33
Nº Rexistro: 38358
Data envio: 08/10/2018 13:33:40.566

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia elaborou "O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021" que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para o Goberno galego e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.
O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 7. *Plans de actuación e accións prioritarias*. Contémplase a liña estratéxica 7 -especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino- que recolle no punto 7.5 *garantía dun servizo continuado de seguridade e plans de asistencia sanitaria e de emerxencia no camiño* co obxectivo de *garantir a asistencia sanitaria ao peregrino e de seguridade tanto ao peregrino coma no Camiño con carácter permanente en todos os camiños.*

Ao igual que en todos os plans de actuación márcanse uns indicadores de execución, e neste punto 7.5 son os seguintes: *nº de incidencias sanitarias por camiño / nº de denuncias rexistradas no camiño*.

Con relación ao anteriormente exposto o Grupo Parlamentario Socialista rexistrou unha pregunta para a súa resposta por escrito co número de rexistro 36503 á que respondeu o Goberno galego co documento número 37926, co seguinte contido: *"Non é posible achegar dita información xa que os sistemas de información do Servizo Galego de Saúde non rexistran se a persoa atendida é peregrino. Ao non dispoñer deste código específico non é posible facilitar o número de atencións realizadas neses anos"*.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 13:33
Nº Rexistro: 38358
Data envio: 08/10/2018 13:33:40.566

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a función dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

2ª) Cal é o motivo de que o Goberno galego non teña información dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

3ª) Quen é responsable de non ter a información dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

4ª) Cal vai ser o prazo para coñecer a información dos indicadores de execución no Plan director do Camiño de Santiago no punto 7.5?

5ª) Existe algún tipo de indicador para poder medir o punto 7.5?, de ser así, cal?

6ª) Que resultados tivo o dito plan de actuación prioritario?

7ª) Cales foron as actuacións concretas levadas a cabo para cumprir e mellorar o descrito no punto 7.5?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2018 12:24:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 12:24:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 38580(10/POC-006059)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación laboral das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos, así como as medidas que vai adoptar para mellorala

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 13:35
Nº Rexistro: 38580
Data envio: 11/10/2018 13:35:02.705

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª.**

Un modelo de país caracterizado pola dependencia económica do turismo ten consecuencias negativas importantes para o emprego, debido á profunda estacionalidade e temporalidade que existen en dito sector.

En Galicia entre 2.500 e 3.000 mulleres traballan limpando hoteis, pensións ou albergues.

A situación destas camareiras de piso está marcada pola precariedade e, ademais, empeorou a raíz das últimas reformas laborais, xa que progresivamente se foron externalizando estes servizos e como consecuencia foron excluíndoas dos convenios colectivos.

Recentemente aceptábase unha demanda histórica do colectivo, recoñecendo algunhas enfermidades profesionais propias, como por exemplo o síndrome do túnel carpiano, a bursite ou a epicondilite relacionadas cos movementos repetitivos que se dan nestes traballos.

Pero aínda quedan moitas cuestións que solventar para rematar coa precariedade que existe nestes empregos. É necesario mellorar a prevención dos riscos laborais e elaborar plans específicos para tal fin.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 13:35
Nº Rexistro: 38580
Data envio: 11/10/2018 13:35:02.705

Ademais, deben reducirse o número de habitacións que debe facer cada traballadora, xa que na actualidade viven ritmos infernais. E por suposto, o marco legal debe modificarse para evitar as externalizacións en servizos consolidados.

E tamén deberíase avanzar na promoción dunha rebaixa da idade de xubilación para este sector, por razóns obvias.

No DECRETO lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no seu artigo 37, recóllese o seguinte:

Artigo 37. Actuacións especiais en materia de riscos laborais sobre sectores laborais feminizados.

A Consellería competente en materia de traballo impulsará a realización de actuacións especiais en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores laborais feminizados mediante a elaboración de estudos epidemiolóxicos, accións de información e asesoramento técnico e accións de vixilancia e control, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sobre o cumprimento das normas de prevención.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes Preguntas:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia tomar medidas para mellorar as condicións destas traballadoras?

2. Que opinión ten o Goberno galego da situación na que se atopan as traballadoras de limpeza de pisos, hoteis e apartamentos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 13:35
Nº Rexistro: 38580
Data envio: 11/10/2018 13:35:02.705

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3. Considera a Xunta de Galicia que promover un turismo que xera unhas indignas condicións laborais para as traballadoras e positivo para a economía de Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 13:15:34

Luca Chao Pérez na data 11/10/2018 13:16:06

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 38667(10/POC-006065)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a confirmación ou o rexeitamento pola Xunta de Galicia das afirmacións reflectidas no informe oficial remitido pola compañía Atalaya Mining á Bolsa de Londres referidas ao apoio polo Goberno galego do seu proxecto mineiro nos concellos de Touro e do Pino

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:30
Nº Rexistro: 38667
Data envio: 11/10/2018 17:30:24.639

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6.ª, relativa ao apoio da Xunta de Galicia a mineira Atalaya Mining

A compañía mineira chipriota Atalaya Mining, ante o desplome das súas accións na bolsa de Londres onde cotiza, enviou un informe oficial á mencionada bolsa dirixido aos seus accionistas, presentes e futuros. Nel afirma que considera que a posición da Xunta respecto dos proxectos mineiros como o seu é unha garantía para levar a bo termo a explotación. Polo menos, así o reflicte nesta e en anteriores presentacións periódicas que a cotizada remite á bolsa de Londres, nas que destaca como un dos factores que minimiza os riscos do proxecto o apoio do Goberno galego.

A xuízo da compañía Atalaya Mining, Galicia é partidaria da minería, ademais do apoio do seu goberno autónomo, o que contribúe a minimizar os riscos do proxecto.
"Atalaia sinala tamén que a explotación de Touro permitiralle xerar sinerxías co seu único proxecto extractivo en curso, o de Riotinto en Huelva. Neste sentido, aposta por replicar en Galicia o exitoso plan de desenvolvemento da mina andaluza". Unha afirmación totalmente contraditoria coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía que ven de anular a autorización ambiental para a explotación.

Segundo os demandantes, Ecologistas en Acción: " Atalaya Mining incumpriu

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:30
Nº Rexistro: 38667
Data envio: 11/10/2018 17:30:24.639

radicalmente as condicións de espesura dos lodos vertidos ás grandes presas do recinto mineiro. Tiñan que verter os lodos cun 50% de densidade de auga e estano facendo ao 70%. Iso significa que a primavera pasada, que foi moi chuviosa, as balsas sobordaron e a auga empezouse a filtrar pola base dos muros“. Se iso pasa en Andalucía que podería pasar en Touro cunha pluviometría moi superior.

Ante todo o exposto, **En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:**

- Confirma ou rexeita, o Goberno da Xunta de Galicia, as afirmacións oficiais ante a Bolsa de Londres da compañía Atalaya Mining nas que afirma que contan co apoio do Goberno de Galicia para o proxecto da Mina de Touro-O Pino?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:30
Nº Rexistro: 38667
Data envio: 11/10/2018 17:30:24.639

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Francisco Casal Vidal na data 11/10/2018 17:29:37

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 38729(10/POC-006078)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao impulso da política de consolidación, promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia como imaxe única do sector artesanal galego

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38729
Data envio: 15/10/2018 14:05:44.348

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Marca Artesanía de Galicia é a marca que representa a todos os profesionais que conforman o sector artesán galego. Un distintivo que inclúe produtos de altísima calidade e coidadosamente deseñados polos nosos creadores que implican o bo facer das nosas artesás e artesáns e que levan o selo das nosas raíces, da nosa cultura e da nosa tradición.

Nun momento como o presente, caracterizado por mercados cada vez máis globalizados, a diferenciación é un valor engadido en alza. Un valor que a artesanía galega é quen de acadar grazas aos seus produtos únicos e singulares.

Neste contexto, as obras e obxectos de excepcional calidade producidos e elaborados nos obradoiros dos nosos artesáns, son valorados moi positivamente tanto a nivel nacional como internacional. Sirvan de exemplo os Premios Nacionais recibidos pola Fundación Pública Artesanía de Galicia así como diferentes profesionais e proxectos promovidos na Comunidade galega.

A Marca Artesanía de Galicia, tense convertido nestes últimos anos, nunha das principais fortalezas do sector, contribuíndo notablemente a este bo posicionamento da nosa artesanía, xa que ofrece un distintivo cada vez máis recoñecido dentro e fora das nosas fronteiras, así como nunha ferramenta de impulso e posicionamento dos produtos artesanais nacional e internacionalmente.

Neste eido é no que o Partido Popular de Galicia considera que se debe avanzar e por iso levamos no programa electoral co que conseguimos a confianza maioritaria dos galegos o compromiso de "Consolidación, promoción, difusión e protección da marca 'Artesanía de Galicia' como imaxe única do sector artesanal galego", explicando que "A marca configúrase como garantía de calidade para os consumidores ofrecendo unha imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos en

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38729
Data envio: 15/10/2018 14:05:44.348

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

todos os mercados".

En coherencia co noso programa, o Grupo Popular presentou unha proposición non de lei neste sentido que foi debatida na Comisión 6ª do día 29 de maio de 2018 e que, tras acordo cos restantes grupos, foi aprobada sen votos en contra co seguinte texto: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar as súas políticas de impulso do uso da marca Artesanía de Galicia nos establecementos comerciais e na comercialización dixital, coa finalidade de contribuír á súa visibilidade, fidelización e prestixio. Para isto desenvolveranse accións específicas para fomentar a inclusión da marca Artesanía de Galicia nos materiais propios de distribución das e dos artesáns e realizaranse obradoiros formativos para a integración das marcas con criterios de comunicación e publicidade".

Consideramos que chega agora o momento de coñecer os avances derivados deses mandatos electorais e parlamentarios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas se están a poñer en marcha dende o Goberno galego para dar cumprimento a proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia a proposta do Partido Popular coa finalidade de potenciar a política de consolidación, promoción, difusión e protección da Marca Artesanía de Galicia como imaxe única do sector artesanal galego?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/10/2018 14:02:40

Maria Antón Vilasánchez na data 15/10/2018 14:02:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38729
Data envio: 15/10/2018 14:05:44.348

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Moisés Blanco Paradelo na data 15/10/2018 14:02:56

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/10/2018 14:03:02

Marta Novoa Iglesias na data 15/10/2018 14:03:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:03:16

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/10/2018 14:03:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 08.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 38814(10/POC-006094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da asunción das contías precisas para o cumprimento das sentenzas xudiciais relativas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, o estado dos recursos legais presentados pola Xunta de Galicia e da negociación política co Goberno central ao respecto, así como as actuacións que vai levar a cabo diante da vulneración das competencias galegas en materia de tributación e as súas intencións en relación coa modificación da súa política fiscal no que atinxe á produción de enerxía

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envio: 16/10/2018 12:12:29.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Grazas ás políticas enerxéticas do PP na Xunta e no Estado as galegas e galegos imos pagar unha tarifa eléctrica galega "do revés". No lugar de vérmonos beneficiadas e beneficiados por producir, imos pagar a factura máis alta do Estado por causa da aplicación das sentenzas en relación aos suplementos territoriais de 2013.

O Goberno español publicou no verán de 2013 o borrador da Orde na que recolle os suplementos territoriais en relación ás peaxes de acceso á enerxía eléctrica e que suporán o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. De acordo coa memoria económica que acompaña a proposta de Orde publicada polo Goberno español, Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos. Así as cousas, a contía variará en función do consumo e a potencia contratada.

Nestes meses, non houbo novidades canto aos recursos legais impulsados pola Xunta de Galiza no momento en que se asina a iniciativa. Tamén, desde ese momento volveu haber pronunciamentos do Parlamento galego.

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envio: 16/10/2018 12:12:29.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do Goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas.

Por riba, coñecemos un novo auto do Supremo con data 26/09/2018 que recolle "Fijar el próximo día 30 de noviembre como fecha última para la ejecución solicitada"

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Vai demandar o Goberno galego do central que asuma as contías precisas para dar cumprimento ás sentenzas referentes aos suplementos territoriais de 2013?

-Cal é o estado dos recursos legais do Goberno galego a este respecto?

-E da negociación política co Estado? Cal está a ser a formulación? Cales as peticións?

-Que vai facer o Goberno galego diante da vulneración contra as competencias galegas en materia de tributación?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envio: 16/10/2018 12:12:29.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o Goberno galego que esta medida discrimina negativamente ás Comunidades produtoras como Galiza que soportan as instalacións de xeración?

-Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

-Segue a soster o Goberno galego que no Estado haxa unha tarifa única? Como explica entón o sobrecusto aos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2018 12:10:44

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2018 12:10:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envio: 16/10/2018 12:12:29.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2018 12:10:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2018 12:10:52

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2018 12:10:54

Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2018 12:10:55